

Expediente núm.: 224/2024

Convenio

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Data de iniciación: 12/02/2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SOUTOMAIOR E ASOCIACIÓN MUSICAL ARTÍSTICA DE ARCADE

Reunidos en Soutomaior, en Abril de 2024

REUNIDOS

Dunha parte D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Alcalde de Soutomaior (Pontevedra), e con DNI núm. 76998594E quen intervéñen en nome e representación do Concello de Soutomaior con CIF núm. P36053006, co domicilio en r/ Alexandre Bóveda 13, (Soutomaior), C.P 36691.

De outra parte , D. José Manuel Maia Boullosa, con DNI núm. 35320580D na súa calidade de Presidente da Asociación Musical Artística de Arcade con CIF núm. G36033850 e domicilio fiscal Lugar Arcade s/nº, 39690 Soutomaior (Pontevedra) e enderezo para os efectos de notificacións en tito_noio@hotmail.es

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade, de acordo coas súas respectivas representacións, para á firma do presente CONVENIO e de mutuo acordo

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o Concello de Soutomaior, de conformidade co establecido no artigo 25.2.l e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencia propia para a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre e Promoción de la cultura y equipamientos culturales.

Para conseguir este obxectivo na Base 59 de execución do Orzamento de 2024 contéplanse dentro da aplicación orzamentaria **3340.480** as subvencións nominativas para a promoción da cultura, o deporte, a música... destinadas ás entidades culturais e deportivas con máis raizame no noso termo municipal e no Anexo de Subvencións nominativas se contempla a subvención á **ASOCIACIÓN MUSICAL ARTÍSTICA DE ARCADE por importe de 40.000,00 € para mantemento e promoción da formación musical.**

SEGUNDO. Que a **ASOCIACIÓN MUSICAL ARTÍSTICA DE ARCADE**, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co **núm 9**, é unha asociación cultural.

Que os convenios entre os concellos e as asociacións constitúen un instrumento adecuado para a formalización de subvencións nominativas concedidas no marco do orzamento municipal do concello para o exercicio de 2024, tal e como se



establece na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base nº 56 e seguintes das de execución do orzamento municipal.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regular a colaboración entre o Concello de Soutomaior e a Asociación Musical Artística de Arcade e deste xeito fomentar a formación musical de conformidade coas competencias propias do Concello.

SEGUNDA.- A Asociación Musical Artística de Arcade , comprométese a:

- Realizar as actuacións e actividades previstas na memoria presentada
- Destinar ata un máximo de 5.000,00 € da subvención, á colaboración coas comisións de festas do municipio cun importe de 500 €/comisión, seguindo a orde de petición realizada no Concello, sendo a Asociación a responsable da tramitación da actuación.

TERCEIRA.- O Concello de Soutomaior comprométese a achegar unha subvención de 40.000 € con cargo a partida 3340.480 do Orzamento Xeral do ano 2024, podendo realizarse un anticipo de ata como máximo o 50% da mesma no mes de xuño, para a realización das actuacións contidas no presente convenio e que son :

- Subvención da escola de Música Artística de Arcade
- Colaboración coa Banda de Música Artística de Arcade para a difusión da música a través de distintas actuacións (Pasarrúas Semana Santa, Festa da Ostra, Festa do Patrón (San Salvador), Festival Carlos Abal, Concerto aniversario Bandas de música, Santa Icíá, Concerto de Nadal)

A subvención irá destinada a financiar operacións correntes. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de duración do presente convenio, dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024. Non se consideran gastos subvencionables os gastos de mantemento ordinario.

CUARTA. Establécense como obrigacións por parte da **ASOCIACIÓN MUSICAL ARTÍSTICA DE ARCADE**

Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poida facer o Concello, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio de súas actuacións.



- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Facer constar de forma clara que a actividade se realiza en colaboración con este Concello , incorporando o logotipo do Concello de Soutomaior nos exemplares dos programas, folletos, carteis, convocatorias de actividades, información gráfica escrita ou sonora e demais documentación promocional e material utilizado no desenvolvemento da actividade subvencionada.
- Presentar antes do **15 de novembro de 2024** a conta xustificativa que acredite o cumprimento do obxecto da subvención que deberá estar asinada por quen ostente a representación legal do beneficiario.
- Reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 a 93 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.¹

QUINTA. O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024 e

1. Con relación a xustificación da subvencións, téñase en conta o artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os artigos 69 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2003, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, especificamente, o punto 15º da Ordenanza Xeral reguladora do Réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello de Soutomaior, que determina como documentos para a xustificación, os seguintes:

1. Memoria detallada da actividade asinada por un representante da asociación.

2. Relación detallada de ingresos e gastos da actividade subvencionada, incluíndo facturas compulsadas do total dos gastos da actividade (Anexo II)

3. Facturas orixinais polo importe subvencionado. As facturas deben corresponder á actividade obxecto da subvención e deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación. Deberán conter como mínimo:

Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.

Descrición do servizo ou subministro prestado.

Número de factura, data de emisión e denominación de "factura".

4. Xustificante bancario do pago correspondente ás facturas achegadas. Non se admitirá outro tipo de xustificante de pago que non sexa do banco.

5. Acreditación da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas ou financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

6. Relación das subvencións obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto, en caso negativo, deberá deixarse constancia dese feito mediante a correspondente declaración responsable (Anexo III)

7. Xustificación de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III).

8. Calquera outro que sexa solicitado polo concello.



extinguirase por vencemento deste prazo.

SEXTA. No non previsto neste Convenio estarase ao disposto na Base 58 de execución do Orzamento de 2024, na Ordenanza Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 30/01/2024, e no previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Para que así conste e en proba de conformidade, asino no lugar e data arriba indicados, do que, como Secretaria, dou fe.

O ALCALDE

Asdo.: Manuel Antonio Lourenzo Sobral

O PRESIDENTE

Asdo: José Manuel Maia Boullosa

A SECRETARIA

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

